

## XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ACTA NÚMERO **CENTO CINCUENTA E UN** DAS CELEBRADAS POLO **CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE SANXENXO**, EN SESIÓN ORDINARIA, O DÍA **VINTE E SEIS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL NOVE**.

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Catalina González Bea.

**Concelleiros asistentes:**

- D. Ángel Casal Moldes, concelleiro do grupo municipal do P.P.
- D. David Otero Domínguez, concelleiro do grupo municipal do B.N.G.
- D. M<sup>a</sup> Dulcinea Aguín Pombo, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE.
- D. José Luis Rodríguez Lorenzo, concelleiro do grupo municipal mixto.

Asisten igualmente,

**Xerente:** D. Juan Lorenzo Ramírez.  
**Interventor:** Non asiste.  
**Secretario da Xerencia:** D. Ángel Luis López Pita.

Na sala de xuntas do Concello de Sanxenxo sendo as dez horas do día vinte e seis de novembro de dous mil nove, baixo a presidencia da sra. presidenta D<sup>a</sup>. Catalina González Bea, reuníronse os señores antes citados co fin de celebrar a sesión ordinaria do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo convocada para o día de hoxe en tempo e forma.

Pola presidencia declárase aberta a sesión ó obxecto de tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria circulada ó efecto.

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA NA DATA DO 12/11/2009.**

Polo sra. presidenta pregúntaselle ós asistentes á sesión, se algún dos presentes ten que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación. O non formularse ningunha observación á referida acta, por asentimento unánime, préstase aprobación á mesma.

### **2.- CORRECCIÓN DE ERROS DO PUNTO NÚMERO 6 (EXPTE. Nº 402/07 DE TABOADA Y RAMOS, S.L.), DA ACTA NÚMERO CIENTO CORENTA E OITO, DO CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, EN SESIÓN ORDINARIA, O DÍA QUINCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL NOVE.**

Polo sr. Secretario ponse de manifesto a existencia dun erro no referido punto 6 da acta número cento corenta e oito, por canto se indicaba no senso da votación o seguinte "dándose por enterados os presentes e amosando a súa conformidade os concelleiros dos grupos municipais do P.P. , do B.N.G. e do grupo mixto.", cando realmente debería terse redactado "dándose por enterados os presentes e amosando a súa conformidade os concelleiros dos grupos municipais do P.P. e do grupo mixto".

## XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

Os presentes, por asentimento unánime, prestan a súa aprobación á corrección de erros indicada.

### • **POSTA EN COÑECEMENTO DE EXPEDIENTES DE LICENCIAS DE OBRAS MAIORES**

**3.- EXPTE. Nº 249/04 de CLÍNICA DENTAL CARDARELLI VILLARINO, S.L.: Solicitud de licenza municipal urbanística de primeira ocupación por final de obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada, composta de soto, planta baixa e un piso, no lugar de Sear nº 34B – Bordóns.**

Polo sr. xerente procédese a poñer en coñecemento dos presentes os antecedentes obrantes no expediente de referencia, así como a súa proposta para que se conceda a licenza de primeira ocupación solicitada, deixando constancia expresa de que procede a devolución da fianza constituída no seu día, para garantir a urbanización dos terreos obxecto de cesión e a conexión cos servizos existentes no núcleo.

O sr. Otero Domínguez sinalou que chamáballe a atención que a solicitude de licenza fose realizada por empresas alleas ó sector da construción.

O sr. Xerente precisou que dende o punto de vista da xerencia o asunto non tiña trascendencia algunha porque se trataba dunha persoa xurídica que realizaba unha solicitude, non entrando no obxecto social da referida empresa.

A sra. Aguíñ Pombo aludiu a que podía tratarse dunha decisión con finalidade fiscal.

Os presentes danse por enterados, amosando a súa conformidade os concelleiros presentes.

**4.- EXPTE. Nº 259/06 de D. HORACIO FONTÁN MARTÍNEZ: Solicitud de licenza municipal urbanística de primeira ocupación por final de obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada, composta de planta baixa e un piso, no lugar de Carballal nº 26C – Bordóns.**

Polo sr. xerente procédese a poñer en coñecemento dos presentes os antecedentes obrantes no expediente de referencia, así como a súa proposta para que se conceda a licenza de primeira ocupación solicitada, deixando constancia expresa de que non procede a devolución da fianza constituída no seu día, en tanto non se acredite a efectiva reparación da tubaxe de rego e recollida de augas pluviais da que se fai referencia no informe do arquitecto técnico municipal do 17 de novembro de 2009, dándose por enterados os presentes e amosando a súa conformidade os concelleiros presentes.

**5.- EXPTE. Nº 182/08 de MARMOLES JANDRA, S.L.: Solicitud de licenza de primeira ocupación por final de obras de reforma e ampliación dunha nave con destino o almacenaxe de pedra, no lugar de Vinquiño Nº 43C – Padriñán.**

Polo sr. xerente procédese a poñer en coñecemento dos presentes os antecedentes obrantes no expediente de referencia, así como a súa proposta para que se conceda a licenza de primeira ocupación solicitada, deixando constancia expresa de que procede a devolución da fianza constituída no seu día, para garantir a urbanización

## XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

dos terreos obxecto de cesión e a conexión cos servizos existentes no núcleo, dándose por enterados os presentes e amosando a súa conformidade os concelleiros presentes.

**6.- EXPTE. Nº 176/09 de D<sup>a</sup>. CATIA PUENTE AGUÍN e D. MANUEL PAREDES PRIETO: Solicitud de licenza administrativa, para levar a cabo obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada, composta de planta baixa, un piso e baixo cuberta, no lugar de Igrexa – Adina.**

Polo sr. xerente procédese a poñer en coñecemento dos presentes os antecedentes obrantes no expediente de referencia, así como a súa proposta para que se conceda a licenza administrativa solicitada, deixando constancia expresa de que, antes do inicio de obra algunha:

A) O promotor deberá presentar na Xerencia de Urbanismo do Concello de Sanxenxo: proxecto de execución subscrito por arquitecto superior con visado colexial, que se axustará integramente o proxecto básico e planos modificados presentados; oficio de dirección do arquitecto técnico encargado da dirección da execución material das obras; e de ser necesaria a instalación de guindastre - torre durante a execución das obras, será preciso presentar proxecto técnico, oficio de dirección e a autorización da Consellería de Economía e Industria antes do montaxe de mesma, para a súa incorporación ó expediente.

B) Obte-la aprobación do citado proxecto de execución.

Os presentes danse por enterados, amosando a súa conformidade os concelleiros presentes.

**7.- EXPTE. Nº 475/09 de D. SEBASTIÁN BALBOA GONDAR: Solicitud de licenza urbanística para levar a cabo obras de construción dun peche de finca, sita no lugar de Sear - Bordóns.**

Polo sr. xerente procédese a poñer en coñecemento dos presentes os antecedentes obrantes no expediente de referencia, así como a súa proposta para que se conceda a licenza urbanística solicitada, deixando constancia expresa de que, previo inicio das obras designará e o técnico director da execución das obras, debendo incorporar ó expediente a documentación xustificativa do mesmo. Asemade deberá solicitar nesta xerencia acta de replanteo, subscrita pola propiedade, técnicos designados para a dirección das obras e técnicos municipais, fixando o recuamento mínimo ó eixe do vial establecido no P.X.O.M.; previa urbanización dos terreos obxecto de cesión, solicitar no servizo de obras deste concello informe das condicións para levar a cabo a urbanización dos mesmos, dándose por enterados os presentes e amosando a súa conformidade os concelleiros presentes.

**8.- EXPTE. Nº 515/09 de D. ANTONIO TOURIÑO REY: Solicitud de licenza municipal urbanística, para levar a cabo a demolición dunha edificación existente, sita no lugar de Telleiro – Noalla.**

Polo sr. xerente procédese a poñer en coñecemento dos presentes os antecedentes obrantes no expediente de referencia, así como a súa proposta para que se conceda a licenza urbanística solicitada, deixando constancia expresa de que:

## XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

- 1) En canto as condicións de seguridade: estarase ó disposto pola Lei 31/1995 de Prevención de riscos Laborais, Decreto 1627/1997 sobre Disposicións Mínimas de Seguridade y Saúde nas obras de construción y demais lexislación vixente na materia.
- 2) Antes do inicio das obras:
  - a) Deberá colocarse un valado de protección de dous metros de altura mínima, de materiais que ofrezan seguridade e conservación decorosa.
  - b) A data de inicio das obras, deberá comunicarse de forma fidedigna tanto ós propietarios como moradores da edificación de referencia , como ós das fincas e edificios colindantes.
  - c) As obras executaranse baixo dirección técnica e nas debidas condicións de seguridade.
  - d) previa apertura do centro de traballo e previo inicio das obras deberá redactarse o correspondente Plan de Seguridade e Saúde que contará coa aprobación do técnico competente. Así mesmo designarase coordinador de seguridade e saúde.

Os presentes danse por enterados, amosando a súa conformidade os concelleiros presentes.

### • POSTA EN COÑECEMENTO DE EXPEDIENTES DE LICENCIAS DE ACTIVIDADE

**9.- EXPTE. Nº A-024/08 de MARMOLES JANDRA, S.L.: Solicitud de licenza de apertura para nave con destino a almacén de pedra, sita no lugar de Vinquiño nº 43C – Padriñán.**

Polo sr. xerente procédese a poñer en coñecemento dos presentes os antecedentes obrantes no expediente de referencia, así como a súa proposta para que se conceda a licenza de apertura solicitada para a posta en marcha da actividade, dándose por enterados os presentes e amosando a súa conformidade os concelleiros presentes.

### • PROPOSTA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTES DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO.

**10.- Expte. Nº U-180/08 de MARINA PORTONOVO,S.L.: Solicitud aprobación definitiva do estudio de detalle para reaxuste de aliñacións en ámbito territorial comprendido entre as rúas Da Mariña e Progreso, da vila de Portonovo.**

Polo sr. xerente procédese a poñer en coñecemento dos presentes os antecedentes obrantes no expediente de referencia, así como a súa proposta do seguinte tenor literal:

- 1º) Propoñer ó Pleno do Concello de Sanxenxo prestar Aprobación Definitiva ó Estudio de Detalle para reaxuste de aliñación no ámbito territorial comprendido entre as rúas da Marina e Progreso da Vila de Portonovo, de conformidade co proxecto refundido de estudio de detalle, redactado polo arquitecto D. José Antonio Sueiro Sueiro, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, na data do 04/11/2009.

## XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

- 2º) Ter por extinguida a suspensión do procedemento de outorgamento de licencias de parcelación, edificación e demolición no ámbito do Estudio de Detalle para o reaxuste de aliñacións no ámbito territorial comprendido entre as rúas da Marina e Progreso de Portonovo, conforme o disposto no art. 77.3 parágrafo segundo da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia
- 3º) Publica-lo Acordo de aprobación definitiva do Estudio de Detalle para reaxuste de aliñacións no ámbito territorial comprendido entre as rúas da Marina e Progreso de Portonovo, no prazo dun mes dende a súa adopción no Diario Oficial de Galicia, e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas no Boletín Oficial de Pontevedra, ó abeiro do disposto no art. 92.2) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. E notificar dito Acordo ós interesados no expediente.
- 4º) Comunicar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, conforme o disposto no art. 92.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, o Acordo de aprobación definitiva do Estudio de Detalle para reaxuste de aliñacións no ámbito territorial comprendido entre as rúas da Mariña e Progreso, da vila de Portonovo, e á vez darlle traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con tódolos planos e documentos que integran o Estudio de Detalle sobre o que tivera recaído o acordo de aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar dito extremo. Referindo no anuncio de aprobación definitiva a remisión da documentación á Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Os presentes danse por enterados, amosando a súa conformidade os concelleiros presentes.

### 11.- ROGOS E PREGUNTAS

O sr. Otero Domínguez preguntou si nas obras que se están realizando en Baltar, correspondente ó Plan-E, Gas Galicia está aproveitando para poñer tubarías, contestando a sra. presidencia en senso negativo, ante o que o interpelante sinala que queda sen sentido a súa segunda pregunta sobre este tema referente a se a citada empresa tiña licenza municipal.

A sra. presidenta indicou que a empresa que está executando as obras está procedendo á renovación e colocación de todos os servizos, posteriormente terá que autorizarse a súa utilización.

O sr. Otero Domínguez dixo que preguntou sobre este tema dado que Gas Galicia estaba dirixíndose ós veciños para comunicarlles que tiñan que enganchar, precisando a sra. Presidenta que a actuación de Gas Galicia probablemente se debía a unha estratexia comercial sobre a cal non quería opinar.

O sr. Rodríguez Lorenzo aludiu a que dentro da hipótese podería pensarse que Gas Galicia estaba realizando obras para colocar tubarías e o que interesaba, dando un

## XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

punto de vista municipal, era saber que autorización tiña, contestando a sra. Presidenta que a pregunta á resposta é obvia.

E non habendo outros asuntos que tratar a presidencia dá por rematado o acto sendo as dez horas e vinte e cinco minutos, de todo o cal eu, o secretario da xerencia, DOU FE: